



## PREGUNTA ORAL SOBRE A DEVOLUCIÓN DO COBRO INDEBIDO POR PLUSVALÍAS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do mes de setembro de 2017 aprobouse unha iniciativa presentada polo Grupo Municipal Popular na que se solicitaba que o Concello adoptara unha serie de medidas en relación co cobro indebido de plusvalías procedentes do imposto polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Tratábase de resolver un problema que afecta ás persoas que tributaron por unha transmisión da propiedade a pesar de non existir un incremento real do valor do terreo ou mesmo unha perda de valor, en función duna cuantificación feita de forma obxectiva sobre a que se teñen pronunciado sentenzas que sinalan que os concellos deben proceder a adoptar medidas tendentes a facilitar a devolución das cantidades indebidamente recadadas.

Á vista desta situación, o acordo aprobado pola Corporación municipal instaba ao Concello a: 1) realizar un estudo sobre a repercusión na veciñanza e no orzamento local das cantidades indebidamente recadadas no cobro deste tributo e informar á veciñanza; 2) articular as medidas necesarias para a devolución de forma áxil e eficaz; e, en último termo, 3) demandar do Goberno de España a máxima axilidade na modificación da lexislación para resolver esta problemática e para procurar medidas para compensar aos concellos por este motivo.

A cuestión adquire unha relevancia especial, por canto pode afectar a numerosas persoas e polo feito de que as súas posibilidades de recuperar o diñeiro diminúen co paso do tempo, posto que o dereito a reclamación prescribe aos catro anos.

Por todo iso, transcorrido máis dun ano do mencionado acordo, formúlase a seguinte pregunta:

***Que medidas ten adoptado o Goberno local en relación con cada un dos puntos contidos no acordo plenario adoptado en setembro de 2017 para a devolución do cobro indebido de plusvalías procedentes do imposto polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana?.***

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Manuel Martínez Varela  
Concelleiro do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela